

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.12.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 05.12.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Adán Chao Pardo, Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Dopico Rodríguez, Noemí Carballo Cabo, Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín, Eloy Rico López e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 02.11.2023

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 02.11.2023

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 1132/2023 á 1268/2023.

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

3. Aprobación, se procede, da proposta de aprobación do acordo da Agrupación de entidades dos Concellos de Ares, Mugarzos e Fene para concorrer á Segunda convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Consta no expediente o Ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 28.11.2023, por unanimidade dos membros presentes, (9 votos a favor: 3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 3 do grupo municipal do Partido Popular, 2 do grupo municipal do Partido Socialista e 1 do grupo Mixto Municipal).

Antes de iniciar o debate a alcaldía presenta unha emenda á Proposta, que queda incorporada á orde do día e cuxo teor literal é o que segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EMENDADA

A Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e se aproba a segunda convocatoria de subvencións (2023) publicada no BOE de 2 de agosto de 2023 aproba a segunda convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga.

A convocatoria enmárcase no Investimento 3 denominada “Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control da contorna dixital)”, do Compoñente 5 do PRTR asociada ao cumprimento do obxectivo CID #79 da Decisión de Execución do Consello (CID) asociado, cuxa consecución se realizará de acordo coa normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e do Plan de Recuperación a nivel europeo e nacional e no seu caso, tras a aprobación pola Comisión Europea da Addenda ao PRTR, do novo fito CID #79 ter. “Actuacións de dixitalización dos usos da auga (PERTE) - Transferencias”.

A esta convocatoria poden presentarse agrupacións de solicitantes, isto é “Unión de solicitantes que individualmente poidan ter a condición de beneficiarios, que se agrupan para presentar unha solicitude conxunta dun proxecto. Na solicitude e na resolución de concesión determinaranse os compromisos asumidos por cada membro e o importe da subvención aplicado a cada un. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación.”!

Esta agrupación debe constituírse conforme ao artigo 11.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e ao artigo 67 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro.

A agrupación de solicitantes axustarase ás seguintes regras establecidas na Orde TED/919/2023:

“1.^a Antes de presentar la solicitud, los miembros de la agrupación deberán suscribir un acuerdo interno en la forma y con los requisitos y contenido establecidos en el artículo 67.2 del Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre. Conforme a este precepto, el acuerdo de agrupación podrá condicionarse a ser declarado beneficiario de la ayuda por la resolución de concesión definitiva. La convocatoria establecerá un modelo de acuerdo de agrupación que deberá ser utilizado por las entidades beneficiarias que opten por esta figura para presentar su solicitud, que estará disponible en el portal de internet del MITECO y que se incluye en el anexo IV.

2.^a Todos los miembros de la agrupación tendrán la consideración de beneficiarios de la subvención y serán responsables solidariamente, en proporción a sus respectivas participaciones, respecto del conjunto de actuaciones subvencionadas a desarrollar por la agrupación, incluyendo la obligación de justificar, el deber de reintegro y las responsabilidades por infracciones.

3.^a Conforme al artículo 11 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, la agrupación deberá nombrar un representante o apoderado único, con poderes bastantes para cumplir las obligaciones que, como beneficiario, corresponden a aquella y, en particular, presentar la solicitud de la ayuda, que deberá diferenciar los compromisos de ejecución de cada miembro de la agrupación, el importe de la subvención que se aplicará a cada uno de ellos, así como las actuaciones y el presupuesto correspondiente a cada uno; actuar como interlocutor único entre la agrupación y el órgano concedente y recabar de cada miembro toda la información exigible o requerida por el órgano concedente, y en particular la relativa a la justificación de la subvención.

4.^a La agrupación no podrá disolverse hasta que hayan transcurrido los plazos de prescripción para el reintegro y las infracciones, en su caso, previstos en los artículos en los artículos 39 y 65 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre. Asimismo, la agrupación no podrá disolverse hasta que no haya transcurrido el plazo de cinco años desde la finalización del proyecto. No obstante, si el contrato del operador indirecto deja de tener vigencia, la responsabilidad del mantenimiento de la actuación pasará a ser del titular.

5.^a Los miembros de la agrupación no podrán variar en el plazo de ejecución de las actuaciones integrantes del proyecto.

2. Para optar a estas ayudas, cada proyecto deberá incluir uno o varios términos municipales, de forma que, de manera individual o conjunta, incluyendo en este caso las entidades supramunicipales con personalidad jurídica, el proyecto seleccionado atienda, como mínimo a una población de forma permanente no inferior a 20.000 habitantes. La población se calculará teniendo en cuenta la población de los municipios que constituyan el ámbito territorial del proyecto entendiéndose éste, como el conjunto de municipios donde se desarrolle, al menos, una actuación.

Sin perjuicio de lo anterior, la convocatoria podrá establecer mecanismos para que los solicitantes puedan complementar la población de derecho permanente de los términos municipales incluidos en el ámbito del proyecto con su población estacional, siempre que dicha población estacional se justifique debidamente. (...)

Asimismo, el solicitante, en el supuesto de que sea un operador que preste los servicios de abastecimiento, saneamiento o depuración de aguas residuales urbanas en régimen de gestión indirecta, deberá contar previamente con la aprobación de su propuesta por parte del órgano

competente de cada uno de los municipios en los que preste los mencionados servicios. En los supuestos de entidades locales y entidades supramunicipales con personalidad jurídica propia, y en los de gestión directa a través de organismo, entidad pública empresarial o sociedad mercantil pública, dicha aprobación será formulada por el órgano de gobierno de estas, según proceda.»

Os Concellos de Ares, Mugardos e Fene pretenden concorrer a esta segunda convocatoria do PERTE dixitalización do ciclo da auga mediante unha agrupación para implantar un proxecto integral de dixitalización e mellora da eficiencia dos sistemas de abastecemento, saneamento, depuración e vertedura na agrupación dos tres concellos.

As actuacións que se propoñen na Memoria Técnica do proxecto prevén o seu desenvolvemento dende xuño de 2024 a decembro de 2026.

Conforme ao artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 88 do RD 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, é o Pleno o órgano competente para a adopción deste acordo ao implicar un compromiso de gasto plurianual.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar o acordo da Agrupación de entidades dos Concellos de Ares, Mugardos e Fene para concorrer á Segunda convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia que se transcribe como Anexo.

SEGUNDO.-Dar traslado deste acordo ao Concello de Ares.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

G-0
098
150
P-
F:
C.I.

Anexo:

**ACUERDO DE AGRUPACIÓN DE
ENTIDADES
REUNIDOS**

La entidad AYUNTAMIENTO DE ARES, con domicilio social en AVDA SAAVEDRA MENESES, 12, CIF P1500400E y representada legalmente por D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con DNI 32649797-D en calidad de ALCALDE.

La entidad AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS, con domicilio social en AVDA DE GALICIA 45, CIF P1505200D y representada legalmente por D. Juan Domingo De Deus Fonticoba, con DNI 32 677 655 - Z, en calidad de ALCALDE.

La entidad AYUNTAMIENTO DE FENE, con domicilio social en AVDA CONCELLO, S/N, CIF P1503600G y representada legalmente por D. Juventino José Trigo Rey, con DNI 76404053P en calidad de ALCALDE.

Las partes se reconocen capacidad y legitimidad para suscribir el presente Acuerdo, y a tal efecto

EXPONEN

1. Que en el BOE nº 183 de fecha 2 de agosto de 2023, se publicó la Orden TED/919/2023, de 21 de julio, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos para la segunda convocatoria en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. La orden ha sido publicada por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.
2. Que las partes desean constituir una agrupación de organizaciones, sin personalidad jurídica, para llevar a cabo el proyecto: Proyecto Integral de Digitalización y Mejora de la Eficiencia de los Sistemas de Abastecimiento, Saneamiento, Depuración y Vertido de la Agrupación de Ayuntamientos Fene, Ares y Mugaros, a fin de concurrir a la Convocatoria de referencia Orden TED/919/2023.

Por lo anteriormente expuesto, se formaliza el presente acuerdo, que regula su funcionamiento con arreglo a las siguientes

CLÁUSULAS

Primera. Objeto

El objeto de este Acuerdo es la constitución formal de una agrupación sin personalidad jurídica de entidades con el fin de concurrir, de manera conjunta, a la citada Orden de convocatoria para desarrollar el proyecto: Proyecto Integral de Digitalización y Mejora de la Eficiencia de los Sistemas de Abastecimiento, Saneamiento, Depuración y Vertido de la Agrupación de Ayuntamientos Fene, Ares y Mugaros (en adelante, el Proyecto).

Segunda. Vigencia

1. La vigencia del presente Convenio queda condicionada a la concesión de la subvención solicitada y, en este caso, a lo estipulado en la resolución de concesión.
2. La presente agrupación de entidades no podrá ser disuelta hasta que haya transcurrido el plazo de prescripción previsto en los artículos 39 y 65 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Tercera. Obligaciones de las partes

1. Las entidades representadas en este acuerdo de agrupación tienen la consideración de entidades beneficiarias de la subvención por lo que, de forma individual, cada uno de ellos, reúnen los requisitos necesarios para acceder a la condición de entidad beneficiaria.
2. Sin perjuicio de lo anterior, las Partes se comprometen a:
 - a. Cumplir con las obligaciones establecidas en la adelante Orden TED/919/2023, de 21 de julio de 2023.
 - b. Ejecutar el Proyecto según la propuesta aceptada o, en su caso, reformulada, garantizando la calidad y el logro de los objetivos y resultados previstos.
 - c. Solicitar autorización al Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (en adelante MITERD), en caso de modificación de la resolución comunicada, para su aceptación expresa.
 - d. Asumir las cláusulas de este acuerdo en base al artículo 67.2 del Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Cuarta. Organización interna de la agrupación

1. Las partes identifican como representante o apoderado único de la agrupación con poderes bastantes para cumplir las obligaciones que, como entidad beneficiaria, corresponden a la misma, a Don/Doña D. Julio Ignacio Iglesias Redondo¹, con DNI .32649797-D
2. El representante está habilitado para presentar la solicitud y realizar en nombre de la agrupación el resto de comunicaciones y trámites, tanto en el procedimiento de solicitud como en la fase de seguimiento y justificación de las ayudas.
3. A efectos de notificaciones y comunicaciones del MITERD con el representante o apoderado único de la agrupación, se llevarán a cabo a través de la siguiente dirección de correo electrónico² facilitada: julio.iglesias@concellodeares.com.
4. El plan de contingencias de la agrupación será el que sigue:
5. *La agrupación deberá de disponer de un plan de contingencias que permita garantizar el funcionamiento interno de la agrupación, la regulación de la toma de decisiones y el desarrollo del proyecto, la capacidad de respuesta y la coordinación de la gestión interna de la misma ante los distintos escenarios que puedan derivarse de las diferentes fases del Proyecto.*
6. El plan para la resolución de litigios de la agrupación será el que sigue:

La agrupación deberá de disponer de disposiciones para la resolución de litigios internos

¹ Este dato debe coincidir con el representante de la agrupación indicado en el formulario de presentación de la ayuda. Se presentarán los poderes de representación bastanteados ante Notario.

² Este correo electrónico deberá coincidir con el indicado en el formulario de solicitud de la ayuda

Quinta. Compromisos de ejecución y presupuesto

- Las entidades integrantes de la agrupación se comprometen a ejecutar las actividades, importes y porcentajes por entidad que se detallan a continuación con relación al proyecto presentado³:

PRESUPUESTO AGRUPACIÓN⁴

Tipo de actuación	Breve descripción	Presupuesto total por tipo de actuación	Presupuesto asignado Fene	% sobre Presupuesto Total Fene	Presupuesto asignado Ares	% sobre Presupuesto Total Ares	Presupuesto asignado Mugardos	% sobre Presupuesto Total Mugardos
A1	Planes de emergencia ante situaciones de sequía	31.705,63 €	16.262,40 €	51,29%	- €	0,00%	15.443,23 €	48,71%
A2	Protocolos de vigilancia, planes sanitarios y de gestión de la calidad del agua	105.192,56 €	35.864,40 €	34,09%	35.014,98 €	33,29%	34.313,18 €	32,62%
A3	Planes integrales de gestión de los sistemas de saneamiento	93.678,20 €	49.972,09 €	53,34%	23.354,32 €	24,93%	20.351,79 €	21,73%
A4	Planes para el fomento del agua regenerada	15.100,79 €	8.055,43 €	53,34%	3.764,68 €	24,93%	3.280,68 €	21,73%
A5	Planes municipales de protección civil frente a inundaciones	45.544,40 €	15.584,80 €	34,22%	15.160,09 €	33,29%	14.799,51 €	32,49%
A6	Estudios para el diagnóstico, el control y la gestión de las fugas estructurales	50.919,22 €	17.424,00 €	34,22%	16.948,47 €	33,29%	16.546,75 €	32,50%
A7	Estudios hidrogeológicos y planes directores de abastecimiento en alta y en baja	134.110,35 €	59.283,94 €	44,21%	38.101,80 €	28,41%	36.724,61 €	27,38%

³ En caso de reformulación del proyecto podrían variar estos compromisos de ejecución, debiendo ser actualizada esta tabla cuando así se le solicite. Esto no afectaría al resto de cláusulas del presente acuerdo de agrupación.

⁴ Dado que la tasa de cofinanciación UE es del 100%, el importe indicado en términos de gasto, será igual al de la ayuda UE. En caso, de que la ayuda UE solicitada sea menor al 100%, indicar los importes tanto en gasto como en ayuda.

Tipo de actuación	Breve descripción	Presupuesto total por tipo de actuación	Presupuesto asignado Fene	% sobre Presupuesto Total Fene	Presupuesto asignado Ares	% sobre Presupuesto Total Ares	Presupuesto asignado Mugardos	% sobre Presupuesto Total Mugardos
A8	Modelización cartográfica y numérica de las redes de abastecimiento y saneamiento y proyectos constructivos	347.018,32 €	128.174,73 €	36,94%	114.265,61 €	32,93%	104.577,98 €	30,14%
Tipo A		823.269,47 €	330.621,79 €	40,16%	246.609,95 €	29,95%	246.037,73 €	29,89%
B1	Mejora de la eficiencia y digitalización de la red de conducción en alta	261.176,91 €	82.859,30 €	31,73%	97.203,46 €	37,22%	81.114,15 €	31,06%
B2	Mejora de la eficiencia y digitalización de la red de distribución en baja	1.321.268,43 €	385.531,64 €	29,18%	455.848,73 €	34,50%	479.888,06 €	36,32%
B3	Mejora de la eficiencia y digitalización sistemas de saneamiento y depuración	982.919,90 €	421.517,68 €	42,88%	325.680,36 €	33,13%	235.721,86 €	23,98%
B4	Digitalización de puntos de vertido de aguas residuales	66.557,86 €	35.504,90 €	53,34%	16.593,12 €	24,93%	14.459,84 €	21,73%
B5	Mejoras técnicas en los sistemas de abastecimiento y saneamiento	191.593,28 €	95.005,06 €	49,59%	50.676,11 €	26,45%	45.912,11 €	23,96%
B6	Despliegue de la red de conexión entre objetos	42.097,21 €	22.456,51 €	53,34%	10.494,99 €	24,93%	9.145,71 €	21,73%
B7	Instalaciones con energías renovables	3.220,05 €	3.220,05 €	100,00 %	- €	0,00%	- €	0,00%
Tipo B		2.868.833,64 €	1.046.095,14 €	36,46%	956.496,77 €	33,34%	866.241,73 €	30,19%
C1	Desarrollo de portal WEB para información pública	20.691,00 €	6.897,00 €	33,33%	6.897,00 €	33,33%	6.897,00 €	33,33%

Tipo de actuación	Breve descripción	Presupuesto total por tipo de actuación	Presupuesto asignado Fene	% sobre Presupuesto Total Fene	Presupuesto asignado Ares	% sobre Presupuesto Total Ares	Presupuesto asignado Mugardos	% sobre Presupuesto Total Mugardos
C2	Despliegue de plataforma WEB y SCADA	186.511,57 €	99.493,52 €	53,34%	46.498,02 €	24,93%	40.520,03 €	21,73%
Tipo C		207.202,57 €	106.390,52 €	51,35%	53.395,02 €	25,77%	47.417,03 €	22,88%
	TOTAL	3.899.305,68 €	1.483.107,45 €	38,04%	1.256.501,74 €	32,22%	1.159.696,49 €	29,74%

2. Los gastos deberán estar a nombre de la entidad beneficiaria. En el caso de agrupaciones los gastos deberán estar a nombre de la entidad que sea parte de la agrupación que ejecute el gasto. En este sentido, los pagos se harán de forma individualizada a cada entidad, a fin de verificar que cada uno de los integrantes se encuentra al corriente de sus obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social. No obstante, las partes serán responsables solidariamente respecto del conjunto de actividades subvencionadas a desarrollar por la agrupación, incluyendo la obligación de justificar, el deber de reintegro y las responsabilidades por infracciones.

Sexta. Responsabilidad, indemnización y confidencialidad entre los participantes

Las entidades integrantes de la agrupación alcanzan los siguientes compromisos en relación con la responsabilidad, indemnización y confidencialidad entre los miembros en virtud del artículo 67.2 del Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia:

Las entidades integrantes de la agrupación deberán alcanzar compromisos en relación con la responsabilidad, indemnización y confidencialidad entre los miembros en virtud del artículo 67.2 del Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En relación a los conceptos incluidos en la presente cláusula, cada una de las partes será responsable de cada una de las actividades relacionadas en la cláusula quinta apartado 1, en proporción al gasto que cada entidad ejecute, incluyendo la obligación de justificar, el deber de reintegro y las responsabilidades por infracciones, así como en cuanto a la responsabilidad, indemnización y confidencialidad entre los participantes.

Séptima. Propiedad de los resultados

1. Que cada entidad será titular de los derechos sobre los conocimientos preexistentes al Proyecto que se consideran necesarios para la realización del mismo.
2. Los resultados del proyecto serán propiedad de la(s) Parte(s) que los haya obtenido. En la medida que estos resultados sean susceptibles de protección legal, la titularidad de los Derechos de Propiedad Industrial relativos a las invenciones u otros títulos de propiedad que pudieran derivarse de los citados resultados, corresponderán a la Parte que los haya generado.
3. Cuando como resultado de una generación conjunta los resultados sean propiedad de varias Partes, éstas decidirán de común acuerdo la atribución y modalidad de ejercicio de la propiedad y protección de los mismos.
4. La protección de los resultados y, en su caso, de la propiedad industrial resultante, se efectuará conforme a lo previsto en el ordenamiento jurídico.
5. Las entidades integrantes de la agrupación acuerdan la cesión de derechos de uso no exclusivo en beneficio del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico,

por un periodo de cinco años, de acuerdo con la regulación de la propiedad intelectual o industrial, según el caso.

6. Las publicaciones seriadas o periódicas que puedan derivarse del proyecto subvencionado estarán sujetas al marco legal establecido por la ley 14/20011 de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación, y, por tanto, deberán difundirse en abierto, de acuerdo con el artículo 37 de la citada ley.

Octava. Difusión, utilización, y derechos de acceso a los resultados de la actividad subvencionada.

Las normas de la agrupación sobre difusión, utilización, y derechos de acceso a los resultados de la actividad subvencionada se corresponden con las indicadas en relación con estos aspectos en la Orden de bases de aplicación a la convocatoria.

Novena. Protección de datos

Las partes se comprometen y obligan a tratar de modo confidencial cualesquiera datos de información de carácter personal que traten en virtud de este acuerdo de agrupación, y a cumplir adecuadamente y en todo momento, las disposiciones contenidas en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de datos Personales y garantía de los derechos digitales, así como con arreglo a lo dispuesto por el Reglamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos (Reglamento General de Protección de Datos Personales), y en cualquiera otras normas vigentes o que en el futuro puedan promulgarse sobre la materia.

Décima. Jurisdicción competente.

Para todas las cuestiones o divergencias que pudieran darse en relación con el presente acuerdo, las partes se someten a la jurisdicción y competencias de los Juzgados y Tribunales de la ciudad de

Y en prueba de conformidad, las partes firman este Acuerdo a fecha de la firma digital.

Por la Entidad: Don/Doña:	Por la Entidad: Don/Doña:
Por la Entidad: Don/Doña:	

Sometido o asunto emendado a votación, foi aprobado por unanimidade do/as concelleiros/as.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar o acordo da Agrupación de entidades dos Concellos de Ares, Mugardos e Fene para concorrer á Segunda convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que se transcribe como Anexo.

G-0
096
150
-P
-F
-C
-T

SEGUNDO.-Dar traslado deste acordo ao Concello de Ares.

4. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o Plan extraordinario de conservación da autovía A-6 e a reconstrución dos viadutos que permitirían a restablecemento da circulación.

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 28.11.2023, por 3 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e 6 abstencións (3 do Bloque Nacionalista Galego, 2 grupo municipal do Partido Socialista e 1 do Grupo Mixto Municipal), que transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO POPULAR MUNICIPAL SOBRE O PLAN EXTRAORDINARIO DE CONSERVACIÓN DA AUTOVÍA A-6 E A RECONSTRUCCIÓN DOS VIADUTOS QUE PERMITIRÍAN O RESTABLECIMENTO DA CIRCULACIÓN

O Grupo Popular do Concello de Fene conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia ven motivada por coñecer a postura do Goberno galego sobre os prexuízos que está a causar a Galicia o grave deterioro que presenta a A-6.

Os problemas coa A-6 acumúlanse. Por se fora pouco o corte provocado polo derrubamento, á altura de Pedrafita do Cebreiro, dun dos viadutos do Castro en xuño do pasado ano, que manterá pechada neste punto a autoestrada durante bastante tempo, o pasado 19 de outubro produciuse o derrubamento dun noiro, concretamente no punto quilómetro 450 dirección A Coruña. O sinistro, que milagrosamente non causou danos persoais, provocou un atasco maiúsculo e o desvío do tráfico pola N-VI, que terá que prolongarse por un tempo aínda non definido ata que se limpe a estrada e se asegure o terreo afectado.

Por se foran poucos os atrancos que se acumulan nesta estrada, básica para a comunicación de Galicia coa Meseta, á mañá seguinte ao derrubamento do noiro, o 20 de outubro, un novo accidente no desvío habilitado para sortear o peche dos viadutos, dirección Madrid, protagonizado por un camión dificultou o xa difícil tránsito de vehículos por esta zona.

No que vai de 2023 producíronse 7 accidentes na zona do desvío.

O caos na A-6, como é lóxico dadas as circunstancias, é un feito. E dada a próxima entrada do inverno, todo fai augurar que a situación non mellorará porque, ás obras de reconstrución do viaduto, a un desvío provisional controvertido e ao desprendemento do noiro, únese a falla de mantemento da estrada, cun estado moi deficiente do firme en moitos puntos, o que non fai máis que agravar os problemas xa existentes.

E, polo exposto propoñemos o seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal de Fene acorda dirixirse ao Goberno de España que que adopte, á maior brevidade, as seguintes medidas:

- 1.- Acometa con urxencia un plan extraordinario de conservación integral da A-6, tanto no que respecta á calzada como ás pontes e noiros existentes en todo o trazado, que claramente adoecen dunha falla de mantemento.
2. Estableza un cronograma específico para o remate das obras de reconstrución que se están a acometer nos dous viadutos do Castro co fin de restablecer o antes posible a circulación polos cinco carrís existentes neste punto da Autovía do Noroeste e traslade información concreta sobre o mesmo.
3. Informe puntualmente aos concellos afectados, ás deputacións provinciais de Lugo e da Coruña e ao Goberno galego das decisións que se vaian adoptado sobre esta infraestrutura e do avance das

obras que se están a facer, sobre as obras de restablecemento do noiro desprendido hai uns días e sobre as que se programen no futuro para resolver os graves problemas de conservación que presenta.”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade do/as concelleiros/as.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

O Pleno da Corporación Municipal de Fene acorda dirixirse ao Goberno de España que que adopte, á maior brevidade, as seguintes medidas:

1.- Acometa con urxencia un plan extraordinario de conservación integral da A-6, tanto no que respecta á calzada como ás pontes e noiros existentes en todo o trazado, que claramente adoecen dunha falla de mantemento.

2. Estableza un cronograma específico para o remate das obras de reconstrución que se están a acometer nos dous viadutos do Castro co fin de restablecer o antes posible a circulación polos cinco carrís existentes neste punto da Autovía do Noroeste e traslade información concreta sobre o mesmo.

3. Informe puntualmente aos concellos afectados, ás deputacións provinciais de Lugo e da Coruña e ao Goberno galego das decisións que se vaian adoptado sobre esta infraestrutura e do avance das obras que se están a facer, sobre as obras de restablecemento do noiro desprendido hai uns días e sobre as que se programen no futuro para resolver os graves problemas de conservación que presenta.

5. Aprobación, se procede, da proposta do IV Plan de Igualdade de Oportunidades para mulleres e homes do Concello de Fene.

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social do 28.11.2023, por 6 votos (3 do BNG, 2 do Partido Socialista e 1 do Grupo Mixto) e 3 abstencións (do Partido Popular) , que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE BENESTAR E IGUALDADE DO CONCELLO DE FENE

1.- ANTECEDENTES:

Segundo consta no informe-proposta da psicóloga municipal de data 17/07/2023 referente á elaboración do IV Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres do Concello de Fene, no ano 2017 aprobouse e púxose en marcha o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Fene. En vigor perante catro anos, non foi avaliado até o pasado ano 2021 sendo estas as principais consideracións e conclusións da mesma a nivel xeral:

- *Obsérvase concentración de actividades en parte de accións propostas, quedando outra parte destas accións sen actividades. Isto xera unha descompensación nos esforzos o que deberá terse en conta a hora de propoñer accións no seguinte PIOMH.*
- *Considérase fundamental fomentar a coordinación interdepartamental e no propio departamento en relación ao desenvolvemento dos Plans, as súas medidas, e as avaliacións continuas pertinentes, que permitan establecer modificacións de consideralo necesario, para alcanzar os obxectivos propostos; participando e entendendo a Igualdade como "unha cousa de todos e todas", transversalidade de xénero e compromiso político.*
- *A dotación orzamentaria en materia de igualdade, debería estar clara e ser, polo menos suficiente, unha medida tamén recollida na Área 1 que facía referencia a esta cuestión, esencial para que un Plan de Igualdade funcione e sexa efectivo.*
- *Outro aspecto a mellorar ou fortalecer é a necesidade dun maior diálogo e compromiso con todos e cada un dos axentes con intereses no PIOMH. Faise, pois, preciso clarificar,*

artellar e pór en marcha os mecanismos de coordinación, participación e seguimento do Plan.

- *A nivel político, a participación e implicación na avaliación do III PIOMH foi practicamente nula, precisaríase máis respaldo e implicación, dado que só un concelleiro cubriu a enquisa enviada durante o proceso de avaliación.*
- *Deberíase continuar traballando e fomentando as colaboracións co tecido asociativo como parte fundamental da Comunidade, espazos de proximidade dende os que chegar á poboación. Así coma noutras liñas, coa comunidade educativa, dende a que incidir especialmente na prevención da violencia de xénero e na educación en igualdade; e outras axentes sociais presentes no territorio artellando a maior rede neste eido que nos ocupa.*
- *Constituír unha MLC, no marco do impulso das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLC).*
- *Continuar con actividades como o 'Proxecto Indira', sinal de identidade propia xa, do departamento de Igualdade de Fene, dirixido especialmente a mulleres en situación de vulnerabilidade, así coma outros que se consideren.*
- *Incidir e non descoidar o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista nas Administracións Públicas.*
- *A Área sobre Violencia de Xénero ten que ser unha das prioridades absolutas sempre, incluíndo e actualizando novas formas de violencia de xénero que tamén están contempladas nas modificacións das correspondentes leis, como a violencia vicaria e a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller; así como facer especial fincapé nas violencias sexuais.*
- *Sería moi importante para o traballo na prevención, o traballo no eido da educación en igualdade; así como tamén á mellora continua da intervención coas vítimas de violencia de xénero e, en especial, incidir no contacto e coordinación co Centro de Saúde de Fene, Corpos e Forzas de Seguridade presentes no territorio, etc.; mención aparte sería o que suporía a creación dun Centro de Información ás Mulleres (CIM) no Concello de Fene, que estaba xa contemplado no III Plan de Igualdade, con respecto a atención especializada, e en moitos outros aspectos.*
- *Considerase pois pertinente a elaboración dun NOVO PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, o IV para o Concello de Fene, co que seguir avanzando neste traballo, articulando a guía para os próximos anos a través do mesmo e como documento técnico fundamental.*

2.- ELABORACIÓN DO I V PIOMH DO CONCELLO DE FENE

Avaliado o III PIOMH, despréndese a necesidade de elaborar un IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que permita tanto continuar cos programas e accións exitosas, como que propoña novas actuacións que teñan como base a experiencia do PIOMH anterior.

O IV PIOMH pretende ser un documento marco vivo que, a medida que se vaia desenvolvendo, probablemente necesitará reaxustarse á realidade cambiante da sociedade fenesa, priorizando as actuacións de áreas de intervención concretas recollidas no mesmo.

3.- PROPOSTA

En base ao que antecede, propoño ao pleno da corporación municipal aprobar o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE FENE

Asinado dixitalmente en Fene pola Concelleira de Benestar e Igualdade, Alejandra Permuy Meizoso na data que figura no pé da sinatura."

Sometida a proposta a votación, foi aprobada por unanimidade dos concelleiros/as (17).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar o IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE FENE.

6. Aprobación, se procede, da prórroga do Convenio de colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol para a organización da proba deportiva denominada "Memorial Adolfo Ros-Volta á ría".

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 28.11.2023, por 6 votos a favor (3 do BNG, 1 do grupo mixto e 2 do grupo municipal Socialista) e 3 abstencións grupo municipal do Partido Popular), que transcrita di:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE NARÓN, NEDA, FENE E FERROL, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA "MEMORIAL ADOLFO ROS - VOLTA Á RÍA".

ANTECEDENTES

PRIMEIRO - Dende o ano 1985, data de falecemento do deportista de ferrolterra D. Adolfo Ros, e como homenaxe ao acto polo que entregou a súa vida para salvar as de outros na Praia de Doniños, vense organizando unha carreira co nome de "Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría", organizada polos Concellos de Ferrol, Narón, Neda e Fene.

O compromiso de organización anual, ratificábase nunha primeira xuntanza que se celebraba no Concello organizador e na que participaban os Concelleiros/as Delegados/as e os Técnicos Deportivos de cada Concello, e nela fixébanse a data de celebración, as aportacións que correspondía a cada un e demais aspectos técnicos da propia carreira. Posteriormente cada concello aprobaba no Órgano correspondente a dita aportación económica, e o acordo e ingreso era remitido ó Concello organizador.

SEGUNDO - Na xuntanza mantida o día 27 de xuño de 2019, entre os Delegados e Técnicos de Deportes de Ferrol, Neda, Fene e Narón, tomáronse os seguintes acordos, que na súa meirande parte son os mesmos que no convenio asinado no 2015:

1º.- A edición XXXIV Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría terá lugar o día 1 de decembro de 2019.

2º.- Que as aportacións de cada Concello e segundo os acordos mantidos anualmente polos representantes dos Concellos organizadores sería a seguinte para a edición do 2019:

- Concello de Ferrol 5.253,26 €
- Concello de Neda 2.099,05 €
- Concello de Fene 3.148,60 €
- Concello de Narón 4.198,16 €

3º.- As ditas aportacións manteríanse ata o ano 2023 inclusive, manténdose as cantidades sen incremento algún.

4º.- Que os Órganos correspondentes de cada Concello deberán aprobar coa suficiente antelación o acordo de organización e aportación que lle corresponde, coa finalidade de que o Concello organizador poida xenerar as aportacións do resto de Concellos na súa contabilidade.

5º.- Os asistentes á xuntanza comprométese a aprobar un novo Convenio de colaboración entre os Concellos participantes donde se recolla tanto o Regulamento, aportacións de cada Concello á proba, compromisos, etc.

6º.- Acórdase manter no Regulamento da Proba a novos grupos de deporte adaptado, que xa foron incluídos no Convenio anterior. (grupos de Handbikes e Invidentes).
Cada ano, cada Concello poderá incluír aqueles colectivos que considere máis axeitado co obxecto de facilitar a participación aos ditos colectivos. A dita inclusión deberá contar coa aprobación dos Concellos na xuntanza anual que se celebre.

7º.- Acórdase manter os dereitos de inscrición á proba, polo cal os participantes deberán aboar a cantidade de 4 €, sendo gratuito no caso dos menores, tal e como recolle o regulamente anexo a este texto.

8º.- Os puntos sinalados anteriormente, acórdase mantelos como mínimo ata a edición do ano 2023 inclusive.

Do mesmo xeito, na citada xuntanza do día 27 de xuño de 2019, acordouse engadir os seguintes aspectos:

9º - A publicidade levada a cabo polo Concello organizador da proba (cartelería, trípticos ou de calquera outro tipo) deberá incluír os anagramas dos 4 concellos colaboradores en tamaño similar.

10º - Incluír na redacción do novo convenio o percorrido da proba do “Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría”, e manter o mesmo para cada unha das edicións, durante os catro anos de duración do convenio. Non obstante, cada un dos concellos participantes terá flexibilidade para poder varíar os puntos de saída e chegada da proba, en función das súas necesidades.

11º. O Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría deberá ser levado a cabo obrigatoriamente na primeira quincena do mes de decembro de cada ano.

12º. O convenio que se asine entre os representantes dos concellos participantes, deberá facer referencia ao recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OBXECTO E VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto a colaboración e compromiso entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva anual denominada “ Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría” que cada ano lle corresponde a cada un dos concellos citados.

A duración deste convenio será dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2023.
En calquera momento, antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

OBRIGAS E COMPROMISOS DAS PARTES ASINANTES

PRIMEIRA.- Os Concellos de Neda, Fene, Ferrol e Narón por medio do presente Convenio comprométense á organización anual da proba deportiva denominada “Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría”, tendo sempre en conta os acordos citados nos antecedentes deste texto.

SEGUNDA.- A aportación económica básica de cada Concello a dita proba será dende o ano 2019 a seguinte:

- Concello de Ferrol	5.253,26 €
- Concello de Neda	2.099,05 €
- Concello de Fene	3.148,60 €
- Concello de Narón	4.198,16 €

As ditas aportacións manteranse ata o ano 2023 incluído, manténdose as cantidades sen incremento algún.

Cada Concello comprométese a incluír nos orzamentos de cada ano as cantidades anteriormente descritas.

TERCEIRA- Aualmente, os representantes técnicos de cada un dos Concellos participantes, reunirase co fin de levar a cabo a avaliación e seguimento do cumprimento das obrigas deste convenio.

CUARTA- As aportacións de cada Concello a proba deportiva deberán ser ingresadas nas arcas municipais do Concello organizador antes do 15 de novembro de cada ano.

QUINTA - O Regulamento Básico da proba será o que se une como Anexo I ó presente Convenio. Cada Concello adaptará cada ano os apartados do dito Regulamento no que afecta á súa edición, colaboradores habilitados e idade dos atletas participantes, así como as modificacións que puideran xurdir con motivo de normas federativas ou do Ministerio do Interior que afectaran o desenvolvemento da proba.

SEXTA.- O presente convenio rexirase polas súas propias cláusulas e deixa sen efecto os acordos suscritos con anterioridade entre os Concellos organizadores da proba deportiva "Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría".

SEPTIMA .- Cada Concello organizador poderá suscribir acordos con patrocinadores, ou casas comerciais, co obxecto de mellorar a proba e conseguir que esta sexa equilibrada en canto a presuposto e organización, organice o Concello que organice.

OITAVA.- O Percorrido da proba será o que segue a continuación, tendo en conta que cada Concello organizador poderá variar a saída e chegada, en función das súas necesidades.

Percorrido Carreira Absoluta

NARON

- Estrada de Castela dirección Neda
- Rotonda de Freixeiro
- Estrada de Castela

NEDA

- Ponte de Xuvia
- Avda. De Xuvia
- Avda. Algeciras
- Puntal.

FENE

- Avda.de Conces.
- Cruce Igrexia.
- Avda.das Pías

FERROL

- Avenida das Pías.
- Avda. do Mar
- Rúa Telleiras
- Estrada Caranza
- Avda. Mc. Mahón
- Rúa Taxonera
- Rúa dos Irmandiños
- Praza de Galicia
- Rúa Concepción Arenal
- Xiro a dereita Calle Real
- Praza de España (Paso por zona peatonal diante dos arcos da Praza de Sevilla)
- Rúa Carvallo Calero
- Xiro a Dereita carreteira de Castela

0-0
096
150
P-
F:
01

- Carreira de Castela

NARÓN

- Ponte das Cabras
- Estrada de Castela

CAUSAS DE RESOLUCIÓN OU RESCISIÓN DO CONVENIO.

Poderán ser causa de resolución ou rescisión deste Convenio o incumprimento por calquera das partes, das obrigas contidas no presente texto, agás cando o motivo de incumprimento sexan circunstancias non imputables á vontade das partes asinantes."

Sometida a proposta a votación, foi aprobada por unanimidade do/as concelleiros/as.

7. Mocións urxentes.

Non se presenta ningunha.

8. Rogos e preguntas.

Ao interveccións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**d16a8f1b77f235860b62def4276be417e98d65acc5a9261004dadaeabaf33074
05fd23f55cac8d16172abe7cdd866ec004c351b094ed10568b4e4025cb7473e7**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.30 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

G-0
096
150
P-
F:
T.C